

O Excmo. Concello de Ferrol en sesión plenaria de data 23 de decembro de 2013 aprobou inicialmente a modificación da “Ordenanza municipal de limpeza e recollida de residuos do Concello de Ferrol”.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985 Reguladora das bases de réxime local, someteuse o texto das modificacións aprobadas, a información pública (BOP nº 15 de data 23/01/2014), sen que se presentase ningunha reclamación, polo que no BOP nº 66 de data 7/04/2014 publicouse a aprobación definitiva, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación e sendo o texto integro dos artigos modificados, o seguinte:

## **CAPÍTULO IX.- RÉXIME SANCIONADOR**

### **SECCIÓN II.- TIPIFICACIÓN**

#### **Artigo 91. Infraccións leves**

A. En canto ás normas sobre limpeza, as seguintes:

- 1.- Amorear residuos sólidos de pequeno volume tales coma papeis, cabichas, envoltorios, peladuras ou similares, na vía pública.
- 2.- Botar á vía pública calquera clase de desperdicio dende os vehículos, xa estean parados ou en movemento.
- 3.- Sacudir roupas e alfombras sobre a vía pública, fora do horario establecido para iso, ou incluso dentro do horario causando molestias a terceiros.
- 4.- Regar as plantas instaladas no exterior dos edificios vertendo ou salpicando sobre a vía pública ou sobre os seus elementos.
- 5.- Cuspir sobre a vía pública.
- 6.- Nas obras, non prever un sistema de lavado das rodas dos vehículos empregados.
- 7.- Limpar animais na vía pública.
- 8.- Incumprir os horarios previstos conforme á sección VIII do capítulo II para a limpeza de escaparates, postos de venda, tendas ou asimilables.
- 9.- Satisfacer as necesidades fisiolóxicas na vía pública. No caso de deposicións de animais, considerarase infracción cando existiren equipamentos especiais para elas e non se utilizasen, e a omisión da inmediata recollida dos excrementos por parte dos propietarios ou condutores do animal.

#### **Artigo 92. Infraccións graves**

A. Respecto ás disposicións sobre limpeza viaria:

1. Arrojar cigarros, cigarros, cabichas ou outras materias acesas nas papeleiras ou colectores.
2. Arrojar residuos á vía pública dende as fiestras, terrazas, balcóns, buratos exteriores e demais elementos dos edificios, vivendas ou establecementos.
3. Realizar na vía pública calquera operación de reparación e limpeza de vehículos, vertido de augas procedentes de lavado, ou manipulación de calquera tipo de material residual sen a pertinente autorización.

4. Non adoptar previamente á actividade de que se trate, as medidas axeitadas para evitar ou paliar, de ser o caso, ensuciar a vía pública.
5. Non retirar os sobrantes de obras e cascallos resultantes de traballos feitos na vía pública.
6. Non proceder á inmediata limpeza da sucidade causada sobre a vía pública.
7. Non manter as edificacións nas debidas condicións de decoro e ornato público.
8. Non manter as beirarrúas, pasaxes, calzadas, prazas e outras instalacións propias dunha urbanización privada, nas debidas condicións de limpeza.
9. Non manter os patios interiores de dos bloques de casas, galerías comerciais e demais elementos privados nas debidas condicións de limpeza..
10. Incumprir as condicións establecidas na licenza ou autorización concedida conforme ao presente capítulo.
11. Transporte de formigón con vehículo formigoneira sen levar pechada a boca de descarga cun dispositivo que impida o vertido de formigón na vía pública.
12. Limpar as formigoneiras na vía pública.
13. Colocar carteis, pancartas, bandeirolas, adhesivos en espazos e propiedades municipais ou da súa competencia, a excepción de aqueles nos que expresamente sexan autorizados polo Concello.
14. Realizar pintadas de calquera clase na vía pública, tanto sobre seus elementos estruturais, calzadas, beirarrúas e mobiliario, coma sobre os muros, paredes, estatuas, monumentos e calquera elemento externo.
15. Abandonar aparellos e mobles na vía pública.
16. Esparexer e tirar sobre a vía pública toda clase de panfletos, textos impresos ou materiais similares.